

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

AXUDAS Á HOSTALARÍA PARA INVESTIMENTOS EN EQUIPAMENTOS POST COVID

O mércores día 6 de outubro de 2021 saíu publicada no DOG a resolución da Axencia de Turismo de Galicia pola que se convocan subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para investimentos en equipamentos post covid destinadas aos establecementos hostaleiros (hoteis, hostais, casas rurais, albergues turísticos e outros tipos de aloxamentos, ademais de restaurantes, bares e outros establecementos de restauración).

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles nos que incorrese a entidade solicitante **entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2021 con respecto aos conceptos seguintes:**

- Sistemas domóticos, control de distancias, optimización de procesos, portas e consignas automáticas, controis de acceso, renovación de aire, sistemas de climatización e softwares de control asociados.
- Sistemas de chekin-in automáticos.
- Carteleira, rotulación, sinalética e actuacións vinculadas con esta.
- Equipamento, directo ou indirecto, que poida servir de apoio ou difusión no control da pandemia (medidores de CO₂, ionizadores, dispensadores, etc.).
- Reformas orientadas á creación de espazos que suxiran maior amplitude (cores claras, incorporación de espellos, etc.).
- Envoltorios e material dun só uso. O total de gastos destinados a este concepto non poderá superar o 10 % dos gastos totais subvencionables.
- Procesos de desinfección e desinfección recorrente realizados por empresas externas con motivo da COVID, que non teñan a consideración de gastos de limpeza ordinaria.
- Novo equipamento de hixienizado e lavado.
- Novo equipamento para novos produtos, presentacións ou métodos de conservación.
- Equipamento multiservizo.

CONTÍA DA AXUDA

O importe máximo de subvención será do **90 % do investimento, cun máximo de 50.000 euros** por beneficiario.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será de **UN MES** contado a partir do día seguinte ao da publicación de dita resolución.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 07 de outubro de 2021.

O Alcalde,

Asdo.: Antonio de Dios Álvarez.